



**BOLSAS E PRÁCTICAS PROFESIONAIS**  
FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

# 1. Bolsas e prácticas profesionais

## 1.1. Fundación Galicia Europa

A Fundación Galicia Europa convoca unha bolsa de formación para a realización de prácticas de auxiliar administrativo, na súa oficina en Bruxelas. Esta convocatoria ten por obxecto proporcionar ao/á beneficiario/a a posibilidade de poñer en práctica os coñecementos adquiridos durante os seus estudos, realizando prácticas de aprendizaxe de tarefas administrativas e familiarizándose, así mesmo, en asuntos relacionados co funcionamento da UE en xeral e das institucións europeas en particular. O obxectivo final é permitir unha experiencia e un coñecemento práctico das actividades cotiás dunha oficina e ofrecerlle a posibilidade de traballar nun entorno multicultural e plurilingüe.

## BOLSA PARA A FORMACIÓN EN PRÁCTICAS DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO NA OFICINA DA FGE EN BRUXELAS

### Requisitos

- Ser nacional dun dos Estados membros da UE.
- Ter nacido en Galicia, ser fillo de galegos ou ter residencia en Galicia.
- Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos de Formación Profesional: Técnico en xestión administrativa, Técnico superior en secretariado ou Técnico superior en administración e finanzas (ou titulación equivalente) obtidos con posterioridade ao 31 de decembro de 2008.
- Acreditar un coñecemento de inglés ou francés equivalentes ao nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas do Consello de Europa.

### Lugar

Na oficina da FGE de Bruxelas.

### Prazos de solicitude

Último trimestre do ano, 15 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio na páxina web da Fundación.

### Proceso de selección

O proceso de selección dos beneficiarios das bolsas constará de tres fases:

**I.- Unha primeira fase** de carácter práctico que constará dos seguintes exames: un exame tipo test, redactado en lingua galega e separado en catro bloques: Unión Europea, xestión administrativa, ofimática e Internet; un exame tipo test de inglés e outro de francés. É obrigatorio realizar, polo menos, un dos dous exames de idiomas para pasar á seguinte fase. Soamente os aspirantes que obteñan a mellor puntuación pasarán a seguinte fase.

**II.- Unha segunda fase** de méritos. Polo que se refire á formación académica e laboral, atenderase ao expediente académico, cursos relacionados coa bolsa e títulos de idiomas.

**III.- Unha terceira fase** de entrevista. Os aspirantes que obteñan a mellor puntuación no total das dúas fases anteriores, pasarán a unha entrevista na que se valorará o coñecemento xeral e de actualidade sobre organización dunha oficina e a capacidade de adaptación e de traballo en equipo, especialmente en contornas multiculturais e plurilingües, podendo a Comisión de Valoración efectuar algunha pregunta en lingua inglesa ou francesa. As bolsas concederanse ao candidato que obteña a mellor puntuación global do proceso de selección tendo sempre en conta as bases da convocatoria.

No caso de que o concesionario da bolsa renunciase á mesma, procederase a conceder esta ao candidato inmediatamente posterior na lista de reserva resultante do proceso de selección. A lista de reserva establecerase de conformidade coa puntuación obtida.

Para máis información:

<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>

### Duración e contía

A duración abrangue o período entre mediados de xaneiro e decembro, cunha contía anual de 14.620€ máis 350€ en concepto de gastos de viaxe.

# 1. Bolsas e prácticas profesionais

## 1.1. Fundación Galicia Europa

A Fundación Galicia Europa (FGE) ten entre os seus fins estatutarios fomentar o achegamento da realidade galega a Europa e potenciar o seguimento dos asuntos europeos e a formación en temas comunitarios. A FGE convoca anualmente bolsas para titulados superiores para contribuír á súa especialización neste eido. As bolsas están destinadas ao seguimento das políticas comunitarias tendo como licenciaturas preferentes: grao ou licenciatura en Dereito, Dirección e Xestión Pública, Ciencias Políticas, Ciencias Económicas e Administración e Dirección de Empresas. A outra praza resérvase a graduados ou licenciados en Ciencias da Comunicación, para informar sobre as actividades da FGE e sobre a presenza galega en Bruxelas, a integración europea e a súa particular incidencia en Galicia.

## BOLSAS DE FORMACIÓN EN ASUNTOS EUROPEOS PARA LICENCIADOS UNIVERSITARIOS NAS OFICINAS DA FGE

### Requisitos

- Ser nacional dun dos Estados membros da Unión Europea.
- Ter nacido en Galicia, ser fillo de galegos ou ter residencia en Galicia.
- Estar en posesión dun título universitario superior (licenciatura ou grao) con posterioridade ao 31 de decembro de 2008.

### Lugar

Oficinas da FGE en Santiago (dúas prazas) e en Bruxelas (tres prazas). Na oficina de Bruxelas, unha praza está reservada á bolsa de comunicación.

### Prazos de solicitude

Último trimestre do ano, 15 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio na páxina web da Fundación.

### Proceso de selección

O proceso de selección dos beneficiarios das bolsas constará de tres fases:

**I.- Unha primeira fase** de carácter práctico que constará de dúas probas, unha proba práctica de coñecementos sobre a UE e outra proba dos idiomas inglés e francés. É obrigatorio realizar, polo menos, un dos dous exames de idiomas para pasar á seguinte fase. Soamente os aspirantes que obteñan a mellor puntuación pasarán a seguinte fase.

**II.- Unha segunda fase** de valoración de méritos. Polo que se refire á formación académica e laboral, atenderase ao expediente académico, posgraos e títulos de idiomas.

**III.- Unha terceira fase** de entrevista. Os aspirantes que obteñan a mellor puntuación no total das dúas fases anteriores, pasarán a unha entrevista na que se valorará o coñecemento xeral e de actualidade sobre asuntos europeos e a capacidade de adaptación e de traballo en equipo, especialmente nunha entorna multicultural e plurilingüe, podendo a Comisión de Valoración efectuar algunha pregunta en lingua inglesa ou francesa.

As bolsas concederanse aos candidatos que obteñan as cinco mellores puntuacións globais do proceso de selección tendo sempre en conta as bases da convocatoria.

No caso de que algún ou algúns dos concesionarios da bolsa renunciasen á mesma, procederase a conceder esta ao candidato inmediatamente posterior na lista de reserva resultante do proceso de selección.

Para máis información:

<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>

### Duración e contía

A duración destas bolsas abrangue o período entre mediados de xaneiro e decembro. A contía anual para as estadias en Bruxelas é de 14.620€ máis 350€ en concepto de gastos de viaxe, mentres que para Santiago de Compostela é de 12.050€.